



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

TP - LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS PARA A OFICINA DE TURISMO DE CAMARIÑAS (CONTRATO A TEMPO PARCIAL).

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 25 DE XUÑO DE 2019.

A Alcaldía ditou en data 25 de xuño de 2019, o decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: TP - LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS PARA A OFICINA DE TURISMO DE CAMARIÑAS (CONTRATO A TEMPO PARCIAL).

EXPEDIENTE: 2019/E001/000002

Transcorrido o prazo establecido por decreto desta Alcaldía de data 17/06/2019, concedendo tres días hábiles, para subsanar os defectos que motivaron a exclusión ou a omisión na relación de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección de dous técnicos/as para a oficina de turismo de Camariñas ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación da Coruña no marco do Programa (DP0029): programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento de gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2019 (contrato a tempo parcial), examinadas as emendas producidas e vista a documentación presentada polos interesados, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para participar no proceso de selección de dous técnicos/as para a oficina de turismo de Camariñas (contrato a tempo parcial):

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	BLANCO MAGARIÑOS, VERÓNICA	***1721**
2	DIOS ROMERO, CRISTINA	***8111**
3	MOUZO PASANTES, ROSA M ^a	***2822**
4	FUENTES MARTÍNEZ, VALENTÍN	***0595**

Excluídos definitivamente:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVOS
BARRIENTOS LEMA, PATRICIA	***0271**	- Por non acreditar estar en posesión dalgunha das titulacións esixidas na Base 3 ^a C)
BARROS LÓPEZ, VIRGINIA	***9882**	Por presentar a solicitude fóra de prazo

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Segundo: Que o Tribunal se reúna para a súa constitución o día 1 de xullo de 2019, ás 9:00 horas no salón de plenos da Casa do Concello.

Terceiro: Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo **día 1 de xullo de 2019 (luns), ás 10:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello (praza de Insuela, núm. 57 - Camariñas)**, para a realización, de conformidade co disposto na base 7ª da convocatoria, do 1º exercicio.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no primeiro exercicio (lectura) levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "Q", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2019, (DOG nº 19, de data 5 de febreiro de 2019).

Advertir que cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración dos exercicios na mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou a xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Quinto: Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador".

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.